

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR DO CEIP PLURILINGÜE NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS

VERSIÓN 1: aprobación 25/06/2006

VERSIÓN 2: aprobación 03/10/2023

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN.....	3
2.- OBXECTIVOS.....	4
3.- NORMATIVA APLICABLE.....	5
4.- AVALIACIÓN DO RISCO.....	8
5.- MEDIOS DE PROTECCIÓN.....	12
6.- ACTUACIÓNS PREVISTAS.....	14
7.- PROGRAMA DE IMPLANTACIÓN.....	22
8.- REVISIÓN E MODIFICACIÓN.....	23

1.- INTRODUCCIÓN

No CEIP Plurilingüe Nosa Señora dos Remedios de Ponteareas somos conscientes desde hai tempo da necesidade de elaborar un Plan de Autoprotección. En repetidas ocasións solicitouse asesoramento ás Administracións.

No curso 2005-2006 acadamos ese asesoramento e iniciamos o camiño para a elaboración do Plan. Para elo no seo do Consello Escolar estableceuse unha comisión que sería encargada da súa redacción e presentación á comunidade educativa. Nesta comisión están representados os profesores, os pais e o persoal non docente do colexio.

Nun primeiro momento, mentres chegaba o asesoramento demandado comezou a traballar un grupo de profesores/as sobre a base dunhas orientacións que se recibiron por correo electrónico e que nos pareceron moi interesantes.

Paralelamente solicitouse a presenza dos bombeiros, que acudiron ao Centro e nos deixaron un vídeo sobre evacuación de centros escolares. Tamén visitou o Colexio o Enxeñeiro Técnico do Concello, que foi quen elaborou un informe sobre aqueles aspectos que nós descoñeciamos, tanto de carácter técnico como legal, en relación ás instalacións do Centro e os seus posibles riscos.

Recibido o informe correspondente leváronse a cabo as seguintes actuacións:

1ª.- Reúnese a Comisión que elabora o Plan de Autoprotección.

2ª.- Presentación e aprobación do Plan no Consello Escolar.

3ª.- Dáse a coñecer o Plan a tódolos ocupantes do centro, sobre todo no relativo ás medidas a tomar en caso de emerxencia.

4ª.- Posta en marcha do Plan.

2.- OBXECTIVOS

O plan de autoprotección ten por obxecto a preparación, redacción e aplicación do Plan de emerxencia que comprende a organización dos medios humanos e materiais dispoñibles para a prevención do risco de incendio o de calquera outro equivalente, así como para garantir a evacuación e a intervención inmediata.

O plan debe entenderse como unha orientación xeral, onde se recollen as bases técnicas para acadar os seguintes obxectivos:

- a).- Coñecer os edificios dos centros escolares e as súas instalacións (continente e contido), a perigosidade dos distintos sectores e os medios de protección dispoñibles, as carencias existentes segundo a normativa vixente e as necesidades que deban atenderse prioritariamente.
- b).- Garantir a fiabilidade de tódolos medios de protección e as instalacións xerais.
- c).- Evitar as causas que sexan a orixe das emerxencias.
- d).- Dispoñer de persoas organizadas, formadas e adestradas que garanten rapidez e eficacia nas actuacións a emprender para o control das emerxencias
- e).- Ter informados a todos os ocupantes das instalacións de como deben de actuar ante una emerxencia e en condicións normais para a súa prevención .

O plan de autoprotección escolar deberá, así mesmo, facer cumprir a normativa vixente sobre seguridade, facilitar as inspeccións dos Servizos da Administración e preparar a posible intervención dos recursos e medios exteriores en caso de emerxencia (bombeiros, ambulancias, policía, etc.).

O plan complementarase con actividades de formación do profesorado, nas que se pretende facilitar aos profesores e profesoras a tarefa de impartir ao

alumnado os coñecementos precisos para que, tanto no centro escolar como fóra del, actúen coa precaución necesaria para non ser causante dunha emerxencia e que, se se ven envoltos nalgunha delas, saiban actuar coa serenidade precisa e co acerto que garanta a súa propia seguridade.

3.- NORMATIVA APLICABLE

Lei 2/85, de 21 de xaneiro, de Protección Civil, con fundamento xurídico na CE (artigos 15, 2 e 103), como primeiro e máis importante de todos os dereitos fundamentais.

O artigo 4, apartado 3 da mesma lei di: Os poderes públicos promoverán actividades que sensibilicen á poboación acerca das súas responsabilidades públicas en materia de protección civil. Así mesmo os centros de ensinanza desenvolverán, entre os alumnos/as, actividades que se encamiñen ao logro das fins expostas no apartado anterior.

A **Norma Básica de Protección Civil**, aprobada polo Real Decreto 407/1992, do 24 de abril, dispón que a Administración Autónoma deberá elaboralos plans Territoriais, Plans Provinciais e diferentes Plans Especiais, e a Administración Local, os Plans Municipais.

O PLATERGA, (Plan Territorial de Protección Civil de Galicia aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 14 de xullo de 1994, e homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil de 30 de setembro de 1994), no seu capítulo 7, apartado 5, di: “Así mesmo, a Comunidade Autónoma de Galicia a través da Secretaría Xeral para a *Protección Civil e o Medio Ambiente*, agora *Dirección Xeral de Interior e Protección Civil en concordancia cos correspondentes servizos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade*, levará a cabo, nos centros educativos, campañas educativas para información e concienciación, en relación coa *protección civil e a autoprotección*, tanto no ámbito escolar coma noutras *facetas da vida cotián*.”

Conforme ó previsto no artigo 7.3 do **Decreto 56/2000**, do 29 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e RR.LL., dispónse que a Dirección Xeral de Interior e Protección Civil é o órgano encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma.

Conforme ao previsto no artigo anterior, parágrafo sexto, dispónse tamén que a realización e fomento das actividades formativas e divulgativas que contribúan ao perfeccionamento *técnico e á eficacia operativa en materia de protección civil, así como o obxectivo de mentalización da poboación no eido da autoprotección e da protección civil* en colaboración coa Academia Galega de Seguridade.

Na **Orde do 13 de novembro de 1984** (BOE do 17 de novembro) sobre evacuación de centros docentes de EXB, Bacharelato e Formación Profesional, *contémplase a necesidade de que os alumnos/as destes centros teñan coñecementos da conduta a seguir ante problemas relacionados coa seguridade e emerxencias nos centros docentes.*

Lei 5/83 de 30 de xuño, de Sanidade Escolar (DOG do 18 de xullo), na que, entre outros artigos que tamén inciden, o 10.1. di: *“Todos os centros escolares establecerán de forma individualizada, un plan de actuación para casos de emerxencia ou catástrofe no que se detallarán...”*

Decreto 44/85 de 14 de febreiro polo que se aproba o **Regulamento de Sanidade Escolar**. (DOG do 29 de marzo de 1985), que incide nos artigos 6, 7, 25 e fundamentalmente o 30.5 que di que *“correspóndelles aos directores dos centros escolares, ter previsto un plan de evacuación do centro para casos de emerxencia ou catástrofe”*.

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de **Prevención de riscos Laborais**. (Artigos 3.2; 6.a; 16.1; 22.1,4; 23.1 e 3).

Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o **Regulamento dos Servizos de Prevención**.

Decreto 213/1998, do 10 de xullo, que establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e F.P., correspondéndolle a esta a organización dos centros escolares.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten aprobado o regulamento orgánico das escolas de **educación infantil** e dos colexios de **educación primaria**, en virtude do establecido no **Decreto 347/1996**, do 17 de outubro, o regulamento orgánico dos **Centros Públicos Integrados**, en virtude do establecido no **Decreto 7/1999**, do 7 de xaneiro, e o regulamento orgánico dos **Institutos de Educación Secundaria**, en virtude do establecido no **Decreto 324/1996**, do 26 de xullo.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade establece que nos centros antes aludidos, no seu regulamento de réxime interno e na Programación Xeral Anual, debe incluírse un Plan de Autoprotección deseñado polo centro no que se detallen os mecanismos e medios dispoñibles para facer fronte ante calquera incidencia que afecte á seguridade dos alumnos/as, profesores/as e demais persoas, así como das instalacións escolares.

O día 9 de abril de 1999 asínase o ACORDO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE AUTOPROTECCIÓN EN CENTROS DE ENSINANZA PÚBLICOS E CONCERTADOS entre a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade. A finalidade do acordo é:

1º.- Fomentar a cultura da autoprotección no seo da comunidade escolar, alumnado, pais/nais, profesores/as e persoal non docente.

2º.- Conseguir a implantación dos plans de autoprotección escolar en todos os centros públicos e concertados.

3º.- Conseguir a interacción da técnica de protección civil coa técnica pedagóxica, coa fin de conseguir un maior e mellor grao de formación na práctica da autoprotección.

4.- AVALIACIÓN DO RISCO

ANÁLISE DOS FACTORES QUE INFLÚEN NO RISCO.

1.1 . Identificación, localización e entorno do centro

O CEIP Plurilingüe Nosa Señora dos Remedios atópase situado na cidade de Ponteareas, R/Azorín, s/n, na provincia de Pontevedra.

O seu entorno é urbano. A zona está composta por edificios de ata sete plantas nas rúas dos Mestres, Rosalía de Castro, Azorín e Amado Garra.

Características do terreo, sismoloxía, rede viaria, medidas dos edificios e as rúas lindeiras e instalacións singulares: Ver informe da Oficina Técnica Municipal.

Os seus accesos realízanse:

- ✓ Pola rúa Azorín, onde está a entrada principal.
- ✓ Pola rúa Rosalía de Castro, onde existen un portal amplo de dobre folia polo que poden entrar vehículos de grandes dimensións e un pequeno portal para a entrada de persoas.

- ✓ Pola rúa dos Mestres hai un portal grande polo que poden entrar todo tipo de vehículos.

1.2 . Usos previstos e usos actuais

A maior parte das instalacións úsanse para tarefas docentes, agás na planta baixa do edificio 1, nas zonas onde está a cociña, a caldeira e o comedor escolar.

Edificio 1.- Dispón dun total de 15 aulas, 5 locais para o profesorado, dous locais para grupos reducidos, dúas aulas destinadas a informática e biblioteca, dous comedores escolares, unha cociña, sala de caldeira, baños en todas as plantas, vestiario de persoal de cociña e tres pequenos locais usados como almacén.

Edificio 2.- 7 aulas adicadas a alumnos/as de E. Infantil e sala de mestras/es e usos múltiples, dous pequenos almacéns e un local adaptado como sala de reunión do profesorado.

Edificio 3.- Un ximnasio, un pequeno local para almacén, dous locais de vestiarios e outro local adicado a psicomotricidade.

A capacidade total é de 550 alumnos/as.

Non se ten previsto que as instalacións teñan outra actividade.

Deberemos ter en conta que polas tardes se realizan actividades extraescolares organizadas pola ANPA O Loureiro.

1.3. Características construtivas do edificio e entorno: Ver informe da oficina técnica municipal.

1.4.- As vías de evacuación:

As vías de evacuación serán as escaleiras e as portas de saída e entrada do edificio 1. No caso de que unha das portas de saída quede inutilizada empregárase só a outra, quedando establecida como vía de evacuación as portas das aulas interiores do edificio que comunican as dúas escaleiras. As escaleiras son o suficientemente amplas para evacuar simultaneamente dúas fileiras.

Os recorridos de evacuación serán:

Desde a porta de cada aula os alumnos/as e o profesor/a dirixíranse escaleiras abaixo ata ao exterior do edificio. Posteriormente bordeando o mesmo polo lateral que está máis próximo ao local da ANPA dirixíranse cara ao campo de herba pasando por detrás do local que se emprega como Ximnasio ata chegar ao punto de encontro situado ao fondo do campo de herba (**punto de encontro A**) ou ao fondo da pista cuberta (**punto de encontro B**) se é que o primeiro estivera inutilizado por calquera cuestión ou a emerxencia se producira no mesmo.

Se unha das escaleiras está inutilizada o percorrido será inicialmente cara á outra escaleira polas aulas interiores de cada planta e posteriormente ao exterior do edificio, seguindo despois o recorrido sinalado no parágrafo anterior.

O edificio nº 2 ten dúas vías de evacuación:

- a) Porta de saída da planta alta, con dobre batente e cerre antipánico.
- b) Portas directas ao exterior desde as aulas da planta baixa e porta de saída dende o corredor, con dobre batente e cerre antipánico.

O edificio nº 3:

- a) Dúas portas de saída que abren cara a dentro no ximnasio.

- b) Porta de saída directa desde o vestiario dos nenos que abre cara a dentro.
- c) Porta que dá ao exterior dende o local de Psicomotricidade, de apertura cara afora.

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DOS RISCOS:

Realizada a valoración segundo as características dos edificios, a ocupación dos mesmos e as actividades realizadas consideramos que os maiores riscos de emerxencia que se poden producir son:

Risco de incendio:

Derivado do funcionamento anómalo das instalacións: A **instalación eléctrica** tiña sufrido xa diversos incidentes, mesmo nalgún caso principio de **incendio**. Durante o curso 2006-2007 cambiouse case na súa totalidade a instalación eléctrica, que ata ese momento e como xa mencionamos anteriormente, constituía un risco importante para o edificio. No verán de 2013 cambiáronse as reactancias de todos os tubos fluorescentes por unhas electrónicas que consumen moito menos e que diminúen a posibilidade de incendios e roturas deses tubos fluorescentes. Aínda así non podemos descartar o cortocircuíto como factor de risco.

Derivado da presenza na planta baixa do edificio 1 da cociña e da sala de caldeiras

Risco de explosión:

Por fuga de gas, derivado da presenza da cociña e da sala de caldeiras na planta baixa do edificio 1.

Por fallo na caldeira no edificio 2.

Dificultades na evacuación:

Derivados dos ocupantes: No edificio 2 no caso de producirse unha emerxencia a **evacuación** da planta alta farase con certa lentitude ao ser os alumnos/as moi pequenos/as e teren que saír todos pola mesma porta. No comedor tamén se pode dificultar a saída do alumnado por mor do número de usuarios/as do mesmo.

Derivados de déficit nas instalacións: As portas do ximnasio deberán abrir cara a fóra e dispoñer de manilla antipánico.

Outros riscos: En calquera dos edificios pode darse o risco de **bomba**.

5.- MEDIOS DE PROTECCIÓN:

No curso 2005-06 despois da visita ao centro do Enxeñeiro Técnico Municipal e dos bombeiros e recibidos os seus informes verbalmente e por escrito, enumeramos os medios de protección existentes e aqueles necesarios que faltan no Colexio para garantir a seguridade.

Medios materiais

Extintores:

a) No edificio 1:

- ✓ Planta baixa: 1 na cociña, 1 no comedor, 1 na caldeira, de accionado automático.
- ✓ Entrechán: 2
- ✓ 1ª Planta: 2
- ✓ 2º Planta: 2

Falta un extintor de CO2 ao lado de cada cadro eléctrico.

b) No edificio 2:

- ✓ Planta baixa: 3 extintores.
- ✓ Planta alta: 3 extintores.

c) No edificio 3:

Faltan 2 extintores, un de tipo ABC de 6 kg. de capacidade e outro de CO2 no ximnasio.

Bocas de incendio equipadas: Non hai bocas de incendio utilizables no recinto escolar.

Sistema de detección e alarma: Timbre usado para as entradas e saídas. En caso de fallo na corrente utilizarase unha bucina que estará situada na Titoría 1 do Edificio 1 e outra na Primeira Planta do Edificio 2.

Para avisar ao Edificio 2 chamarase por teléfono (existen dous inarámicos) e no caso de non funcionar usarase o móbil do profesorado e/ou acudirase persoalmente.

Sistema de alumeado de emerxencia e sinais de evacuación:

Luces de emerxencia nas portas de saída das aulas, moitas en deterioro ou non funcionan.

Sinais de evacuación na entreplanta e plantas 1ª e 2ª.

Botiquíns:

Entreplanta e comedor no edificio 1.

Baños do edificio 2.

Ximnasio no edificio 3.

Aula de psicomotricidade do edificio 3.

Medios humanos:

Dada a falta de especialización por parte dos adultos que traballan no Centro centraremos as actuacións na fase de alarma e evacuación. Só no caso de que se producise un perigo menor poderíamos levar á práctica algunha outra actuación: por exemplo nun foco mínimo de lume a persoa adulta máis achegada podería utilizar un extintor para intentar apagalo.

Todo o persoal adulto do Centro e dun xeito especial o profesorado deberá aportar o seu labor para que a actuación en caso de emerxencia sexa rápida e eficaz.

Establécense zonas de actuación preferente para o persoal do Centro, que figuran no procedemento de alerta e evacuación.

Medios externos: EMERXENCIAS 112

Bombeiros Ponteareas: 618 705 640 / 986 642 830

6.- ACTUACIÓNS QUE PREVÉ O PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

En relación cos riscos probables e cos medios de protección existentes establécese un plan de actuacións en tres frontes:

1ª Actuacións en relación coa alarma e evacuación en caso de emerxencia.

2ª Actuacións de primeira intervención.

3ª Actuacións de mellora e mantemento.

1ª ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA

PROCEDEMENTO DE ALERTA E EVACUACIÓN

PROCEDEMENTO DE ALERTA:

A primeira persoa que detecte o perigo avisará ao director ou, na súa ausencia, á xefa de estudos, que chamará inmediatamente aos servizos de emerxencia.

Unha vez comunicada a emerxencia, procederase a dar a alarma con timbrazos alternos durante aproximadamente 30 segundos.

FUNCIÓNS DO PERSOAL DO CENTRO:

Director: Ademais de dar a alarma, será o encargado de chamar aos bombeiros e á policía. Será a última persoa en abandonar o edificio principal ao igual que os mestres/as que constitúen o grupo de apoio.

O conserxe: cando escoite a alarma será o encargado de dirixirse ao portalón de acceso para poder dar entrada ao coche de bombeiros abrindo a porta e asegurándose de que non entre ningunha persoa allea ao centro. (Suposto de que acudiran os bombeiros).

Persoal de cociña: pecharán as chaves do gas xerais, apagarán o fogo si están cociñando e desconectarán os aparatos eléctricos. Deixarán pechadas as portas de acceso á cociña cando non quede ningún operario dentro. Evacuarán ao punto de encontro (Punto de encontro A ou B segundo a situación).

Profesorado con docencia no momento da emerxencia no edificio de Primaria: Cada mestre/a será responsable de ordenar a evacuación da súa aula, indicando aos alumnos/as que se realizará unha evacuación en orde e sen correr

escaleiras abaixo. Os alumnos/as deberán ir en todo momento pegados aos laterais da escaleira.

Cada mestre/a será responsable de asegurarse de que non quede ninguén na aula, pecharán as ventás e por último a porta da aula e colocarase un obxecto por fóra que identifique que nese recinto non queda ninguén (unha papeleira, cartel, etc). **Contarán alumnado antes da saída e á chegada ao punto de encontro.**

Acompañarán aos nenos/as escaleiras abaixo saíndo do centro e dirixiranse ata o punto de encontro A (**situado ao fondo do campo de herba**).ou ao punto de encontro B (**situado ao fondo do patio cuberto**).

Ao chegar ao punto de encontro permanecerán na fila e en silencio ata que se dea por finalizada a evacuación.

Teñen preferencia sempre os alumnos/as dos andares inferiores.

No edificio de E. Infantil teñen preferencia os máis achegados á porta.

Os alumnos/as deberán saír en fila, en silencio, rapidamente, sen correr, sen cambiar de lado de escaleira e sen adiantar a outros cursos. En cada aula nomearase un **capitán** que encabezará a fila e outro neno/a que a peche. Para cada un deles existirá un/unha suplente. A finalidade do capitán será que marque o paso para que os nenos/as non se amontoen e a do que cerra a fila a de coñecer onde remata cada grupo aula para controlar que o resto de compañeiros vai no medio e non queda ninguén ciscado.

Non poderán gardar nin coller nada para saír.

Ningún alumno/a deberá volver atrás por ningún motivo.

Os alumnos/as que, por calquera motivo, non estean con ningún profesor/a no momento da alarma incorporaranse ao primeiro grupo que vexan e baixarán con el, informando ao profesor/a de que clase son. Ao chegar ao punto de encontro incorporaranse á súa clase.

Baixarán dúas clases ao mesmo tempo, cada unha polo lado da escaleira máis próximo á porta da clase ata chegar fóra, sen cambiarse de lado.

Os alumnos/as colocaranse no punto de encontro formando filas en batería mirando cara ao edificio de E.Infantil empezando do lado da pista de cemento e por orde de chegada.

Para volver ás aulas unha vez rematada a evacuación soará o timbre de modo prolongado. O alumnado deberá permanecer en silencio no punto de encontro para escoitar o timbre e ser recontados sen alboroto.

Profesorado sen docencia no momento do simulacro no edificio de Primaria asignado á escaleira 1: PERSOAL DE APOIO.

- Titores/as das clases da 1ª escaleira.
- Mestra de música.
- Mestra de AL.
- 3ª de Inglés.
- 2º de Educación Física.

Son responsables de supervisar que os mestres/as pechen as portas das aulas (cando observen un obxecto colocado por fóra da porta non é preciso entrar na aula), revisar os baños adecuadamente e manter a orde nas escaleiras para realizar unha evacuación ordenada (isto é fundamental para diminuír o risco de caídas e golpes e polo tanto que non se produza un atraso na evacuación).

Deben abandonar o centro unha vez o fagan os alumnos/as e mestres/as con clase no momento da evacuación. Si é posible, deben repartirse polos descansos das escaleiras e posteriormente realizar a evacuación eles mesmos comezando polo mestre/a que se sitúe na planta máis alta, recollendo ao resto de compañeiros/as. Abandonarán o recinto e dirixiranse ao punto de encontro. **Un destes mestres/as é o encargado de abrir de “par en par” as portas de saída correspondentes e quedarse alí axudando a saír ao alumnado.**

Profesorado sen docencia no momento do simulacro no edificio de Primaria asignado á escaleira 2: PERSOAL DE APOIO.

- Titores/as das clases da 2ª escaleira.
- Orientadora.
- Mestras de PT
- 1ª e 2ª de Inglés.
- 1º de Educación Física.

Son responsables de supervisar que os mestres/as pechen as portas das aulas (cando observen un obxecto colocado por fóra da porta non é preciso entrar na aula), revisar os baños adecuadamente e manter a orde nas escaleiras para realizar unha evacuación ordenada (isto é fundamental para diminuír o risco de caídas e golpes e polo tanto que non se produza un retraso na evacuación).

Deben abandonar o centro unha vez o fagan os alumnos/as e mestres/as con clase no momento da evacuación. Si é posible, deben repartirse polos descansos das escaleiras e posteriormente realizar a evacuación eles mesmos comezando polo mestre/a que se sitúe na planta máis alta, recollendo ao resto de compañeiros/as. Abandonarán o recinto e dirixiranse ao punto de encontro. **Un destes mestres/as é o encargado de abrir de “par en par” as portas de saída correspondentes e quedarse alí axudando a saír ao alumnado.**

CALQUERA OUTRA PERSOA PRESENTE NO CENTRO: Debe evacuar e saír do recinto de forma inmediata.

ACTUACIÓN DENDE A SAÍDA DO RECINTO ATA O PUNTO DE ENCONTRO:

Edificio de primaria:

Os alumnos/as sairán polas dúas portas do edificio e dirixiranse polo lateral que dá á casa do conserxe cara o punto de encontro, indo por detrás do ximnasio ata chegar ao fondo do campo de fútbol.

Edificio de infantil:

- A planta baixa sairá pola porta de abaixo.
- A planta alta evacuará pola porta que existe na súa planta.

Ambos cruzarán cara o campo de fútbol e dirixiranse ao fondo.

Tamén é recomendable que os nenos/as evacúen formando un “treneciño” pois así estarán xuntos e non se dispersarán.

Ximnasio:

No caso de estar ocupando o ximnasio cunha actividade, todos os presentes dirixiranse directamente ao punto de encontro.

Psicomotricidade:

No caso de estar ocupando a aula de psicomotricidade cunha actividade, todos os presentes dirixiranse directamente ao punto de encontro.

****GABINETE DE INFORMACIÓN:** a secretaría, ou a administrativa en ausencia da primeira, darán conta na porta de entrada do que está a suceder a posibles pais/nais que acudan intranquilos por non saber o que está a acontecer.

ACTUACIÓN NO PUNTO DE ENCONTRO:

Cada profesor/a é responsable de ter recontados aos seus alumnos/as. Transmitiranlle a información que proceda á Dirección do centro para proceder ao reconto.

Evacuación durante o horario de comedor:

1ª.- A encargada do comedor dará a alarma tocando o timbre e chamará aos servizos de emerxencia (112).

2ª.- Inmediatamente distribuirase o persoal do seguinte xeito:

- Dúas colaboradoras revisarán os baños da planta baixa e situaranse na base de cada escaleira para guiar aos alumnos/as cara a fóra.
- Outras dúas colaboradoras organizarán a saída dos alumnos/as ordenadamente.
- As coidadoras do alumnado de E. Infantil encargaranse de sacar a este alumnado en primeiro lugar.

- O persoal da cociña sairá rapidamente despois de pechar o gas e a luz, deixando pechadas as ventás e as portas da cociña.
- O cociñeiro abrirá o portal para os servizos de emerxencia.
- As axudantes de cociña ordenarán aos alumnos/as no punto de encontro.

3ª.- A encargada comprobará que non queda ninguén e sairá para facer o reconto de alumnos/as no punto de encontro.

Os puntos de encontro A e B serán os mesmos que xa se citaron previamente.

NORMAS PARA A EVACUACIÓN DOS ALUMNOS/AS DO COMEDOR

Os alumnos/as deberán saír en fila, en silencio, rapidamente pero sen correr.

Non poderán gardar nin coller nada para saír.

Ningún alumno/a deberá volver atrás por ningún motivo.

Os alumnos/as sairán en dúas filas por cada porta do comedor.

Sairán de tal xeito que os que se sentan a unha mesa vaian seguidos.

Formarán no punto de encontro tantas filas como mesas hai no comedor para facilitar o reconto final.

Os alumnos/as situaranse no punto de encontro formando filas en batería mirando ao edificio de E.Infantil e situándose por orde de chegada empezando os primeiros xunto á pista cuberta.

2ª ACTUACIÓNS DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN

Como se dixo máis arriba poucas son as actuacións que o persoal do Colexio pode levar a cabo.

Porén, para o caso dun conato de incendio o adulto máis achegado manexará un extintor e procurará sufocalo, sempre en paralelo coa evacuación inmediata dos alumnos/as achegados/as.

3ª ACTUACIÓNS DE MELLORA E MANTEMENTO

1ª As Administracións competentes deberán arranxar, repoñer ou subministrar aqueles elementos das instalacións que sexan defectuosos ou inexistentes.

2ª O Concello, encargado do mantemento do centro, realizará as revisións preceptivas segundo a normativa vixente das instalacións de gas, caldeiras, electricidade, alumeado de emerxencia, etc.

3ª Demandarase dos bombeiros de Ponteareas unha formación mínima no manexo dos extintores para o persoal do Colexio unha vez cada curso.

4ª O persoal do Centro terá coidado de manter libre o acceso polas portas interiores para o caso de que houbera que realizar a evacuación só por unha das saídas do edificio 1.

5ª **O coñecemento do Plan será obrigado para tódolos traballadores do Centro (profesorado, persoal non docente, persoal de cociña, limpadoras, conserxe, colaboradoras de comedor e membros da ANPA) e así mesmo, deberá explicárselles aos alumnos/as aquelas instrucións necesarias para unha correcta actuación en caso de emerxencia.**

7.- PROGRAMA DE IMPLANTACIÓN DO PLAN

ACTUACIÓNS DESDE O CENTRO:

O Plan de Autoprotección do CEIP Nosa Sra. dos Remedios foi aprobado por primeira vez polo Consello Escolar do centro o día 25 de abril de 2006.

O Plan foi actualizado logo do simulacro realizado en decembro de 2022, coa axuda e colaboración dun técnico na materia e coa colaboración de Protección Civil do Concello de Ponteareas. Entre todos, realizáronse unha serie de propostas de mellora que hoxe foron engadidas a este plan.

Incluídas no Plan están as instrucións a seguir para os alumnos/as e todo o persoal do Colexio en caso de emerxencia.

A partires da data de aprobación do plan envíase ao comezo de cada curso o plan a todo o persoal do centro coas modificacións que se van incluíndo despois de cada simulacro.

Realizarase a lo menos un simulacro anual de evacuación dos alumnos/as do Centro, así como un informe do simulacro que se enviará á Inspección Educativa e co que se emendarán posibles erros cometidos.

Enviarase copia do Plan ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, e ao Concello de Ponteareas; entidades responsables da corrección das deficiencias en materia de seguridade.

ACTUACIÓNS DAS ADMINISTRACIÓNS

As Administracións Competentes deberán emendar todos os déficits existentes nas instalacións e nos medios de protección no prazo dun mes.

As Administracións Competentes deberán realizar as revisións anuais preceptivas para o bo funcionamento das instalacións no futuro.

8.- REVISIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN:

O Plan de Autoprotección será revisado e modificado cando cambios legislativos ou doutra índole o fagan preciso.

O Plan de Autoprotección será modificado cando logo dun simulacro se detecten aspectos de mellora.

Cada inicio de curso enviarase este Plan de Autoprotección xunto coa PXA.

Unha copia do plan colgarase na porta de entrada principal para coñecemento dos bombeiros.